

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2022/6, Extraordinaria REALIZADA O xoves 27 de outubro de 2022 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

PABLO COUTO LOPEZ

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BARBEITO REY

MARGARITA RAMILO VARELA

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO

Alternativa dos Veciños

SUSANA GUIMAREY GARCIA

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

FRANCISCO BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

Ausencias:

No adscrito/a

FLORINDA DUARTE GERPE

Secretaria:


EVA JARDÓN LÓPEZ

Interventora:

NOEMI GONZALEZ MATO

Técnica Xurídica de Administración Xeral

SONIA CAMPOS ARES



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

HORA DE INICIO: 10:01

HORA DE REMATE: 10:29

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 10:01 horas do xoves 27 de outubro de 2022, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 400/2022 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2022/6, Extraordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1.- Aprobación da proposta da Alcaldía ao Pleno para subsanar a solicitude de participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª Fase) en base ao requirimento da Excelentísima Deputación.


PROPOSTAS ORDINARIAS

1.- Aprobación da proposta da Alcaldía ao Pleno para subsanar a solicitude de participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª Fase) en base ao requirimento da Excelentísima Deputación.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno en sesión extraordinaria celebrada en data 24 de outubro de 2022, con 5 votos a favor, 3 en contra e 3 abstencións, emitiu o DITAME que deseguida transcribo:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Vista a proposta da alcaldía ao Pleno do Concello de Carral do 21 de setembro de 2022 onde se propón a participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 aplicando a achega provincial pendente de asignar, 118.025,39€, a gasto corrente.

Tendo en conta a emenda presentada o 28 de setembro de 2022 (RE 202299900000669) pola voceira do grupo socialista municipal onde se propoñía a inclusión nesta segunda fase das obras “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” e “Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso”, a cal prosperou

Visto que o proxecto de “Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso” xa fora incluído na primeira fase do POS+Adicional 2/2022 remitiuse €, a través da plataforma Subtel o 05 de outubro de 2022 co obxecto de solicitar a participación na segunda fase do Pos+Adicional 2/2022 e en cumprimento do acordo plenario do 29 de setembro de 2022, o proxecto do “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” redactado pola enxeñeira de camiño, canais e portos dona Ana M. García Mayo, asinado en data 02 de decembro de 2019 e por importe de 241.998,68

Tendo en conta o informe de supervisión desfavorable emitido o 13 de outubro de 2022 polo servizo de asistencia técnica a municipios da Deputación da Coruña onde se recolle, entre outros, que os custos de man de obras reflectidos no proxecto “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” non son adecuado, no que se confirma o recollido no informe do técnico municipal de 14 de setembro de 2022 do que resulta que tendo en conta a tendencia na continuidade da subida do IPC se calcula que o proxecto “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” se aproximaría aos 360.000€.

Vista a comunicación remitida pola Excelentísima Deputación o 14 de outubro de 2022, na que se require ao concello “(...) para que presente unha certificación do acordo plenario que aprobe a solicitude de participación dese concello na segunda fase do POS+Adicional 2/2022, debidamente cumprimentada (segundo o modelo Anexo XXII-b) das Bases reguladoras do Plan, respectando por razóns de seguridade xurídica os investimentos que xa foran incluídos na primeira fase do Plan pola Alcaldía do Concello en tempo e forma mediante Resolución firme, que tamén foran aprobados por esta deputación mediante



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Resolución definitiva, quedando finalizado polo tanto o expediente da 1ª fase, podendo dispoñer o Pleno do Concello unicamente na segunda fase do POS+ Adicional 2/2022 a aplicación dos 118.025,39 € pendentes de consumir de acordo cos requisitos esixidos na base 13.4.2A (...)

Visto o informe emitido en data 19 de outubro de 2022 pola Interventora do Concello, dona Noemí González Mato no que conclúe que “(...) de conformidade cos antecedentes sinalados neste informe, esta Intervención Municipal se atopa na obriga de sinalar que non é viable adoptar a realización da obra NOVO SANEAMENTO EN SAN VICENTE DE VIGO (CARRRAL) FASE 2 na convocatoria POS + Adicional 2/2022 Segunda Fase,(...)”.

Polo que remitíndonos aos informes asinados en relación coas propostas desta Alcaldía elevadas aos plenos ordinarios celebrados o 28 de xullo e 29 de setembro de 2022, en concreto o informe de data 19 de xullo de 2022 asinado pola interventora do Concello coa previsión orzamentaria para o exercicio 2022 dos gastos correntes que se devengan nesta anualidade e que están directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios do Concello segundo a lexislación vixente, e o informe de data 23 de setembro no que conclúe que “(...) vista a previsión de que o gasto nos servizos públicos básicos se incrementen nun 42,40% respecto a 2021 e, visto que, conforme o informe emitido polo técnico municipal en data 14 de setembro de 2022, se prevé imposible asumir calqueira das dúas obras propostas polo Grupo Municipal Socialista, o Grupo Polular ou a Concelleira non adscrita, por superar en creces a contía dos 118.025,39€ correspondente ao POS+Adicional 2/2022 e carecer de proxectos actualizados e as correspondentes autorización sectoriais, esta Interventora Municipal RECOMENDA á corporación municipal que se destiñen os 118.025,39€ (correspondente ao POS+Adicional 2/2022) a Gasto Corrente na súa totalidade (...)”.

A vista de todo o antedito, co fin de cumprir co requirimento da Excelentísima Deputación da Coruña **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO, adopte os seguintes ACORDOS:**

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	118.025,39€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos	
	Concello	Orzamento total
Deputación		

Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello			
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Concello	Orzamento total			
Deputación					
Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello			
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
--------------------------------	------------



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	
--	--


D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes servizos obrigatorios	118.025,39€	-	-	-	118.025,39€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	118.025,39€	-	-	-	118.025,39€

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose.”

O Alcalde toma a palabra para explicar que este punto xa se falou en tres plenos. Houbo unha relación de obras que se levou a cabo 8 de febreiro 2022 no que houbo unha votación de 7 votos a favor, que votaron 3 o grupo do PP 3 o grupo socialista e 1 a concelleira non adscrita, é dicir 7 votos a favor en 5 en contra. Foron aprobadas polo pleno a seguintes obras: A de Vilamouro por un importe de 37.822,86; Río de Canles, por un importe de 37.860,21; Xalo 159.754,81; Pista de Tabeaio 60.000 o que supón un importe de 213.300,78.

No adicional incluíronse as obras de Vilasuso 66.611,64; Juan Seijas 155.946,03; Alumeado en Sergude 48298,25 e Praza da Capela 1676 95,36.

A Deputación saca una circular na que propón que os 340.583,06 este importe que se pode destinar parte deles a gastos correntes en función do informe que nos fai a interventora municipal que nos di que é necesario crear gastos correntes debido ao incremento que houbo en gastos correntes. A alcaldía por un decreto acepta as dúas primeiras obras, é dicir mellora dos camiños de Sumio e A peonil de Juan Seijas mediante decreto de 23 de xuño de 2022, esta obras incluírse dentro dos prazos que marca Deputación que o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

30 de xuño de 2022. Na segunda fase do POS adicional, quedan 118.025,39 propoñíase que se meteran todos para gastos correntes.

Sendo as 10:05 don Pablo Couto incorpórase á sesión.

Segundo informe de intervención sigue insistindo en que se meta esta cantidade a gastos correntes, hai un informe desfavorable de intervención despois de haber metido no pleno do 29 de setembro de 2022 o que quedou sobre a mesa no pleno do 28 de xullo de 2022 e chegamos ao día de hoxe hasta que se chegou a circular que manda Deputación na que nos di que esta documentación deberá presentarse a través desta plataforma telemática no prazo de dez días hábiles contados dende o día seguinte ao da data de recepción desta notificación e para o caso de que transcorra o prazo sen que se presente dita documentación, considerarase que desiste da súa petición, pois quedaremos sen estes cartos.

O Alcalde di que o Grupo Socialista presentou una emenda.

Consta no expediente emenda á proposta de Alcaldía, presentada en data 26 de outubro de 2022, rexistro de entrada 20229990000752, por dona Patricia Blanco Fidalgo, voceira do Grupo Socialista do Concello de Carral, que de seguido transcribo:

“EMENDA

Patricia Blanco Fidalgo, con DNI 46899129J, en calidade de Voceira do Grupo Socialista no Concello de Carral


PRESENTA

Enmenda ó punto 1 Aprobación da proposta da Alcaldía ao Pleno para subsanar a solicitude de participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª Fase) en base ao requirimento da Excelentísima Deputación.

MOTIVACIÓN

O Grupo Socialista considera:

- Existen obras necesarias sen executar*
- Excesiva a contía de 118.025,39€ para gasto corrente*
- O POS aínda que permita destinar os fondos a gasto corrente, ten como finalidade obras e servizos de competencia municipal polo que non consideramos que destinar un 35% destes fondos a*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

gasto corrente estea na liña da filosofía do citado Plan, especialmente cando o Concello de Carral leva dous anos consecutivos xerando remanente.

- *Existen partidas excedentarias que se poden transferir se fose necesario.*

Consideramos así mesmo que o informe de Intervención tería sido positivo se:

- *No mes de xuño de 2022 se presentara a 2ª Fase do Saneamento de San Vicente de Vigo xa que estaba incluída no complementario de POS 2020*

- *Unha vez que isto non foi así, puidéronse destinar como achegas do Concello á 2ª Fase do Saneamento de San Vicente:*

- *Excedente da partida de persoal unha vez saíu do Goberno o PsdeG cunha transferencia de crédito para a que houbo tempo máis que suficiente dende o mes de marzo*

- *104.850,28€ destinados a obras que no pleno de xullo non se concretou o seu destino.*

Por responsabilidade, sabendo que o Concello de Carral non pode perder ingresos de ningún tipo, e sabendo así mesmo que o Goberno non ten intención de facer todo o posible para conseguir a financiación suficiente para a 2ª Fase do Saneamento de San Vicente de Vigo,

PROPÓN

Modificación deste punto da orde do día incluíndo unicamente:


- *Renovación da rede municipal de alumado con tecnoloxía LED na estrada CP-2013 en Sergude Carral incluída no complementario o POS 2022 (48.298,25€)*

- *Gasto corrente: 69.727,14€”.*

O Alcalde dálle a palabra a dona Patricia para que podar expor a emenda.

A señora Fidalgo explica que esta emendan ven da reunión que tivemos no mes de setembro, que faláramos destes dous puntos, independentemente de que nos seguimos pensando que o saneamento hai que facelo e que o podemos meter no POS 2023, pero presentamos esta emenda facendo esa obra que é a renovación de luces led en Sergude e a aplicación do resto a gasto corrente, en función das necesidades do Concello. A intención é no perder nin un euro das aportacións da Deputación, pero intentar invertir todo o posible e que non todo vaia a gasto corrente.

E as consideracións son as mesmas que a emenda anterior, pensamos que no mes de xuño cando se aprobou por Decreto de Alcaldía podíase incorporar o saneamento de San Vicente, non se fixo e estamos no punto que estamos, por iso a nosa proposta é levar a “Renovación de luces led en Sergude” e o resto a gasto corrente, e intentar mirar ben os créditos e a execución orzamentaria, pediría unha reunión dos voceiros para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

poder ver como esta esa execución orzamentaria e ver como podemos, co informe da interventora, que diñeiro fai falta e onde se pode poñer e onde sacar.


O Alcalde toma a palabra e di que a nos supúxonos tamén porque tivemos que renunciar a varias obras, sempre nos sería mellor facer obras, que é máis vistoso que metelo en gastos correntes pero foi sempre co informe de intervención de que era necesario meter en gastos correntes. Esta obra do alumado de Sergude xa era unha obra que tiñamos nos proposta na relación de obras que foron aprobadas o 8 de febreiro de 2022 e na reunión quedamos en que se podería tirar de aí o que non podemos é meter o Saneamento por que agora supón 360.000 euros segundo os informes que había do técnico municipal.

O Alcalde dálle a palabra ao señor Mouriño quen pregunta se o que se vai votar é a emenda. O Alcalde lle contesta que si.

Don Jose Luis di que en relación coa emenda o voto do seu grupo será a abstención, consideramos que a obra do alumado en Sergude é necesaria, e mantendo a nosa política de que nunca imos votar en contra de ningunha obra, non nos vamos a atrever a votar a favor, pero nos vamos a abster, polo feito de que a nosa idea é que o gasto corrente, aínda tendo en consideración a subida dos prezos e a crise, non é normal que a estas alturas se necesiten 118.000 euros para gasto corrente.

Non entendo que o grupo socialista deixo de formar parte do equipo de goberno e agora axude a ter gasto corrente para facer esas cousiñas que ao mellor non son fáciles de facer cun proxecto. Con iso quero dicir, que seguimos mantendo que vostede cando firmou o decreto, sabendo que en febreiro houbo disparidade de opinións, sabendo que en febreiro vostede pretendía levar a cabo unha relación de obras e no pleno falamos xa de que a prioritaria era o acceso ao Monte Xalo, debíase dar de conta antes de firmar o decreto, de que non ten maioría absoluta e debeu chamar aos portavoces e nos mantemos que unha obra que se levou no POS 2020, non se executou no ano 2021, eu considero que neste ano 2022 debía ser prioritaria, se era xa no 2020 con máis motivo este ano, estou a falar do Saneamento de San Vicente de Vigo.

Se vostede renuncia a esa obra de Juan Seijas, que según o aprobou por Decreto, tamén pode renunciar por Decreto ou por un acordo plenario, porque está moi ben ese informe que fai a Deputación, pero a Deputación esta ao servizo dos Concellos, e a Deputación respecta sempre a autonomía municipal, e esas partidas orzamentarias que lle pertencen a cada Concello polo número de habitantes ou de parroquias ou o esforzo fiscal que poida ter, é diñeiro que lle pertencen aos Concellos, e nunca ningún Concello perdeu de percibir esas cantidades. Poño como exemplo a Festa da Empanada que foi a primeiros de setembro e aínda vai ao Pleno de mañá o convenio para esa axuda, igual que van doce ou trece modificados, un delas por exemplo o Concello de Mesía, que tiña previsto facer unha obra e debido a un estudo técnico, teñen que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

cambiar a obra e non pasa nada. Por iso nos seguemos mantendo que se debe facer a segunda fase do saneamento e senón o fan é porque non queren, porque a Deputación non se vai quedar con eses 118.000 euros, que non se perden, nin se deixan de perder, porque nun suposto, de que vostedes non estiveran atentos para facer as cousas como se deben facer, e non houbera esa prepotencia do equipo de goberno, que son só cinco e tense que dar conta que somos trece, atoparíamos agora noutra cousa, estaríamos agora falando doutras cousas, e non nun pleno extraordinaria as dez da mañá, incluso marcándolle dez días. Vostedes non queren facer o saneamento de San Vicente e pretenden facer esta obra de Juan Seijas a cal consideramos que non é imperiosamente necesaria, e consideramos que xa había un compromiso no ano 2020, que votamos todos a favor e consideramos que é o que hai que facer.

Dona Patricia pide a palabra por alusións e sinala que eles non axudan nin o goberno, nin o Partido Popular, nin a concelleira non adscrita, nos o que nos negamos é a perder fondos da Deputación e o que facemos é mirar polo interese do pobo de Carral. É certo que a emenda mandouse a última hora, pero tivo un traballo por diante. Que estamos de acordo en que hai que facer o saneamento de San Vicente, por suposto, que cremos que se podían sacar fondos doutras partidas, por suposto, pero chegados a este punto e a tres ou catro días de que finalice o prazo, non podemos arriscarnos a perder un euro.

Por outro lado, na liña do señor Mouriño, volvo a pedir unha reunión, se pode ser a no máis tardar a semana que ven, pensando que o mes que ven hai un Pleno, cos voceiros para ver como está a situación orzamentaria, como están as partidas e ver como se poden repartir os fondos.

Dona Susana pide a palabra, e fai dúas puntualizacións, por un lado que o que vai o Pleno da Deputación non é a Festa da Empanada, senón a Festa do Pan, houbo un retraso de procedemento, porque houbo que facer unha modificación económica na Deputación.

E en segundo lugar, saneamento de San Vicente, por suposto que é importante e necesario, por suposto que este Goberno fixo a primeira fase, e que desde o ano en que foi aprobada a depuradora no 2011 ata o 2019, que entramos nos, non se fixo nada. Fixemos a primeira fase e xa temos encargada a actualización do orzamento, que dista moito dos 240.000 do proxecto do 2019, que a baixada que vostede tanto anuncia (referíndose ao señor Mouriño) non é real a data de hoxe, que o proxecto anda entorno aos 360.000 e que é intención deste goberno municipal que vaia ao POS do ano que ven. En canto á xestión de que esta obra si, esta non, o Alcalde seguiu a orde establecido, e aprobado por unha emenda que se apoio por vostedes, presentada polo PSOE. Saneamento de San Vicente, por suposto que si, pero cando se poida. O requirimento



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

da Deputación non fixo máis que darnos a razón, que o que levamos era a segunda fase do POS adicional, é dicir, 118.000 euros, non levamos renuncia, e se leu o requirimento o pon moi claro, e non é un documento realizado por nos, senón pola Intervención da Deputación, que é quen aporta os fondos e quen os aproba.

E sexamos sensatos co pobo de Carral, e non enganemos dicindo que se pode facer, cando realmente non se pode e fagamos caso aos técnicos municipais, no fagamos como se fixo ata agora de pasarse polo forro o informe do técnico municipal, temos dous informes da Interventora do Concello, o informe do técnico de urbanismo, temos a advertencia da Secretaria no Pleno e vostede pasouse todo polo forro, eu chamo a sensatez, a coherencia política e a responsabilidade, e temos que traballar para o pobo de Carral, independentemente do partido e garantamos que tiñamos o diñeiro suficiente, debido á situación actual, para que non falle ningunha actividade, que non fallen os subministrados.

Dona Patricia pide a palabra e di que está de acordo en que se seguiu a orde estrita, pero o saneamento estaba do POS 2020 polo que cronoloxicamente era anterior. E pregunta se na obra de Juan Seijas seguimos pendentes do informe de fomento ou xa está aprobada. O Alcalde lle contesta que xa está aprobada.

Don Jose Luis pide unha quenda de alusións e di á señora Blanco que non se vai perder nada, porque sabemos que non se perde o diñeiro na Deputación, aínda que se tarde en entregar a documentación, ese diñeiro é do Concello de Carral. A decisión é se metelo en gasto corrente ou metelo en inversión e iso é o que teñen que propoñer os equipos de goberno, e teñen que ter maioría suficiente para levar a cabo o que consideran oportuno que deben levar a cabo. Un equipo de goberno posiblemente saiba máis, porque sabe dos orzamentos, sabe como están as partidas e seguro que ten moita máis información que a oposición, pero iso non quere dicir que para tomar decisións en canto a cousas de acordos plenarios, teñen que pasar por acordos plenarios. Nós sabemos tamén que se lle dá a oportunidade aos Concellos para simplificar, e xa que estaba aprobado por Pleno, en xuño xa que estaba a partida esta, que se creo o adicional do Plan de Obras, e métese esas obras, pero arbitrariamente, porque lle dá a gana ao señor Alcalde, que pode, por suposto, que a Alcaldía é un órgano que pode asinar e pode decretar, pero ten que darse conta que non ten maioría suficiente para levar a cabo iso.

Por tanto nós consideramos que prioritariamente agora mesmo, o que se debe facer é o saneamento de San Vicente, que hai que actualizar o proxecto, por suposto, pero estamos a falar de 155.000 euros en Juan Seijas, 118.000 de gasto corrente, e se cadra de moitas outras cantidades que andan por aí, porque hai poucos días presumindo de que temos remanente, que o remanente é que non se sabe xestionar e non se sabe gastar



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

os cartos no orzamento que lle pertence, méteos nunha obra, podería metelos a gasto corrente e non nos parecería mal, porque era diñeiro que estaba sen gastar, pero agora mesmo estamos a falar de investimento, do Plan de Obras e Servizos, e consideramos que se debe investir en obras.

O Alcalde pregúntalle a don Jose Luís desde o 2011 cuantos proxectos de saneamento presentou para San Vicente? Don Jose Luís di que había outras prioridades e o Alcalde contéstalle que agora tamén hai outras prioridades.


O Alcalde repite a pregunta e dille que diga cuantos, que non lle conteste nada máis, que non veña cun discurso enorme, o señor Mouriño contesta que como mínimo un, e pide que se lle deixe contestar e pregunta ao Alcalde se sabe canto custou a depuradora. O Alcalde lle di que non preguntou o que custou a depuradora e lle pide o favor de calar. Don José Luis pide que non lle volva a facer unha pregunta e non lle deixe contestar. O Alcalde di que xa contestou.

Antes de proceder á votación a Secretaria advirte que vaise a incluír a emenda co formato do acordo de deputación e que queda como se transcribe a continuación:

Vista a proposta da alcaldía ao Pleno do Concello de Carral do 21 de setembro de 2022 onde se propón a participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 aplicando a achega provincial pendente de asignar, 118.025,39€, a gasto corrente.

Tendo en conta a emenda presentada o 28 de setembro de 2022 (RE 202299900000669) pola voceira do grupo socialista municipal onde se propoñía a inclusión nesta segunda fase das obras “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” e “Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso”, a cal prosperou

Visto que o proxecto de “Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso” xa fora incluído na primeira fase do POS+Adicional 2/2022 remitiuse €, a través da plataforma Subtel o 05 de outubro de 2022 co obxecto de solicitar a participación na segunda fase do Pos+Adicional 2/2022 e en cumprimento do acordo plenario do 29 de setembro de 2022, o proxecto do “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Página web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2" redactado pola enxeñeira de camiño, canais e portos dona Ana M. García Mayo, asinado en data 02 de decembro de 2019 e por importe de 241.998,68

Tendo en conta o informe de supervisión desfavorable emitido o 13 de outubro de 2022 polo servizo de asistencia técnica a municipios da Deputación da Coruña onde se recolle, entre outros, que os custos de man de obras reflectidos no proxecto “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” non son adecuado, no que se confirma o recollido no informe do técnico municipal de 14 de setembro de 2022 do que resulta que tendo en conta a tendencia na continuidade da subida do IPC se calcula que o proxecto “Novo saneamento en San Vicente de Vigo, fase 2” se aproximaría aos 360.000€.

Vista a comunicación remitida pola Excelentísima Deputación o 14 de outubro de 2022, na que se require ao concello “(...) para que presente unha certificación do acordo plenario que aprobe a solicitude de participación dese concello na segunda fase do POS+Adicional 2/2022, debidamente cumprimentada (segundo o modelo Anexo XXII-b) das Bases reguladoras do Plan, respectando por razóns de seguridade xurídica os investimentos que xa foran incluídos na primeira fase do Plan pola Alcaldía do Concello en tempo e forma mediante Resolución firme, que tamén foran aprobados por esta deputación mediante Resolución definitiva, quedando finalizado polo tanto o expediente da 1ª fase, podendo dispoñer o Pleno do Concello unicamente na segunda fase do POS+ Adicional 2/2022 a aplicación dos 118.025,39 € pendentes de consumir de acordo cos requisitos esixidos na base 13.4.2A (...)”.

Visto o informe emitido en data 19 de outubro de 2022 pola Interventora do Concello, dona Noemí González Mato no que conclúe que “(...) de conformidade cos antecedentes sinalados neste informe, esta Intervención Municipal se atopa na obriga de sinalar que non é viable adoptar a realización da obra NOVO SANEAMENTO EN SAN VICENTE DE VIGO (CARRRAL) FASE 2 na convocatoria POS + Adicional 2/2022 Segunda Fase,(...)”.

Polo que remitíndonos aos informes asinados en relación coas propostas desta Alcaldía elevadas aos plenos ordinarios celebrados o 28 de xullo e 29 de setembro de 2022, en concreto o informe de data 19 de xullo de 2022 asinado pola interventora do Concello coa previsión orzamentaria para o exercicio 2022 dos gastos correntes que se devengan nesta anualidade e que están directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios do Concello segundo a lexislación vixente, e o informe de data 23 de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

setembro no que conclúe que “(..) vista a previsión de que o gasto nos servizos públicos básicos se incrementen nun 42,40% respecto a 2021 e, visto que, conforme o informe emitido polo técnico municipal en data 14 de setembro de 2022, se prevé imposible asumir calqueira das dúas obras propostas polo Grupo Municipal Socialista, o Grupo Polular ou a Concelleira non adscrita, por superar en creces a contía dos 118.025,39€ correspondente ao POS+Adicional 2/2022 e carecer de proxectos actualizados e as correspondentes autorización sectoriais, esta Interventora Municipal RECOMENDA á corporación municipal que se destiñen os 118.025,39€ (correspondente ao POS+Adicional 2/2022) a Gasto Corrente na súa totalidade (...)”.

A vista de todo o antedito, co fin de cumprir co requirimento da Excelentísima Deputación da Coruña **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO, adopte os seguintes ACORDOS:**

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	69.727,14€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible	Total Concello		
Denominación da obra ou subministración					



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

			(só abastecem. auga potable)		
Iluminación do tramo de Sergude con tecnoloxía Led na estrada CP-2103 ao seu paso por Sergude”	48.298,25		-		48.298,25€
Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
--------------------------------	------------



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	
--	--

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes servizos obrigatorios	69.727,14	-		-	69.727,14
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	48.298,25				48.298,25
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	118.025,39€	-		-	118.025,39€

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8

3 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular


0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 4

0 PSdeG-PSOE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Página web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: APROBADA A EMENDA, decae a proposta de Alcaldía.

Ás 10:29 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (2022/6) que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López